



**Informe sobre proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo (subgrupo C1) da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## Antecedentes

### Primeiro.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, aprobouse a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de **funcionarización e clasificación, entre outros, de postos na agrupación profesional do persoal funcionario, escalas de persoal subalterno e de persoal de mantemento, subgrupo AP**, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Dog nº 38 do 22 de febreiro).

Entre estes postos funcionarizados e clasificados figuraba o de **Peón/oa Especializado/a nivel 11 aberto ás escalas de persoal subalterno e de persoal de mantemento**, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; posto con código PS.C99.10.000.36560.600 dependente da Xefatura Territorial de Vigo.

Este posto corresponde a unha praza non vacante, sendo o seu titular FCA persoal laboral que **ten reclasificada a categoría profesional como Técnico/a práctico/a en C. e vixilancia de obras, grupo III categoría 7, por sentenza número 533/2006 (autos 480/2006)** do Xulgado do social número 2 de Vigo.

### Segundo.

Por Resolución do 7 de febreiro de 2022, da **comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1**, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, **deuse publicidade a diversos acordos** (DOG núm. 34, do 18 de febreiro).





Entre estes acordos figura a declaración de **apta no procedemento, entre outras persoas, a FCA persoa que ten reclasificada a categoría profesional** como Técnico/a práctico/a en C. e vixilancia de obras, técnico/a do grupo III categoría 7 por sentenza.

### Terceiro.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de agosto de 2024 aprobouse a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de **funcionarización e clasificación, entre outros, de postos no corpo administrativo (subgrupo C1) da Administración xeral**, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Dog nº 160 do 21 de agosto).

Entre esta funcionarización e clasificación deste subgrupo figuraba a escala de axentes de inspección, especialidade de vixilancia de estradas **non recollendo erroneamente** o posto dependente da Xefatura Territorial de Vigo, de Peón/oa Especializado/a nivel 11 aberto ás escalas de persoal subalterno e de persoal de mantemento, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (código PS.C99.10.000.36560.600) **como posto do corpo administrativo (subgrupo C1) da escala de axentes de inspección, especialidade de vixilancia de estradas**.

A entrada en vigor desta modificación da relación de postos era a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, o 22.08.2024.

### Cuarto.

No Dog nº 164 do 27 de agosto de 2024, publicouse a Orde do 8 de agosto de 2024 pola que se regula o procedemento para o nomeamento como persoal funcionario de carreira do persoal laboral fixo de determinadas categorías profesionais que superou os procesos de funcionarización convocados polas resolucións do 26 de abril de 2021 e do 12 de maio de 2021.

Forma parte desta orde, entre outras, **FCA persoa que tomará posesión como persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral (subgrupo C1), escala de axentes de inspección, especialidade de vixilancia de estradas** da Comunidade Autónoma de Galicia.



Unha vez analizada a documentación e a información correspondente, de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

## INFORME

### Obxecto

En **desenvolvemento dos procesos de funcionarización**, co obxecto de facer efectivo o dereito das persoas que superaron os correspondentes procesos, **ao cambio de vínculo xurídico e toma de posesión como funcionario de carreira**, resulta precisa a adopción das medidas necesarias para que poidan exercer ese dereito, unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos correspondentes.

**Coa finalidade de facer efectivo este dereito en igualdade de condicións ao resto de persoas que toman posesión como persoal funcionario** da Comunidade Autónoma de Galicia recollidas na orde do 8 de agosto de 2024 pola que se regula o procedemento para o nomeamento como persoal funcionario de carreira do persoal laboral fixo de determinadas categorías profesionais que superou os procesos de funcionarización convocados polas resolucións do 26 de abril de 2021 e do 12 de maio de 2021, **e tendo en conta o recollido no artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas** onde indica que *"Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data a que se retrotraiga a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*, **cómpre levar a cabo a modificación do seguinte posto con efectos do 22.08.2024:**

#### Clasificación anterior:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBGRUPO-NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.
XEFATURA TERRITORIAL VIGO	PEÓN/OA ESPECIALIZADO/A PS.C99.10.000.36560.600	AP NIVEL 11 (*)	XEE/XET	AXG

(\*) Posto que como laboral tiña en orixe o complemento complementario salarial B12: responsabilidade

#### Nova clasificación:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBGRUPO-NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.
XEFATURA TERRITORIAL VIGO	TÉCNICO/A PRÁCTICO/A EN CONTROL E VIXILANCIA PS.C99.10.000.36560.600	C1 NIVEL 18 (*)	XCC2	AXG

(\*) Tendo en conta o complemento salarial que como laboral tiña en orixe B12: responsabilidade



#### CÓDIGOS

XEE	XERAL (ESCALA DE PERSOAL SUBALTERNO)
XET	XERAL (ESCALA DE PERSOAL DE MANTEMENTO)
XCC2	XERAL (ESCALA DE AXENTES DE INSPECCIÓN, ESPECIALID. VIXILANCIA ESTRADAS)

## Conclusión

De conformidade co exposto, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** á **modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo (subgrupo C1) da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos a este informe o anexo de RPT.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal. Nuria Aguilar Vázquez

